

PANDEMIAS DOS SÉCULOS XX e XXI

Alumnado de Cultura Científica, 4º ESO. Febreiro de 2021

INTRODUCCIÓN

As pandemias son enfermidades que se estenden de forma rápida e incontrolada por unha extensa área xeográfica, mediante o comercio, turismo, ou outros movementos. As maiores pandemias que afectaron á humanidade nos séculos XX-XXI

foron a chamada Gripe *Española*, Gripe *Asiática*, a SIDA (Síndrome de Inmunodeficiencia Adquirida) e a recente COVID-19. Este traballo ten como obxectivo comparalas e ver a resposta da sociedade ao enfrontarse ás mesmas.


METODOLOXÍA

Este traballo foi realizado como un proxecto de grupo. Primeiro, cada persoa encargouse de buscar información dunha pandemia empregando distintas páxinas web especializadas. A continuación, xuntámonos diferentes persoas nun grupo de “especialistas” onde com-


partimos información sobre unha pandemia en concreto. Xuntándonos unha especialista en cada pandemia, formamos un novo grupo. Puxemos en común a información, comparámos os resultados e elaboramos un póster. Coa combinación de todos eles elaboramos este póster final.

RESULTADOS


Pandemia e ano de inicio	Orixe xeográfica e posible fonte	Axente causal	Formas de contaxio principais	Síntomas da enfermidade
Gripe <i>Española</i> 1918	-Discutida: China, Francia ou EUA -Posiblemente en aves	Virus da influenza tipo A subtipo H1N1	-Vía aérea: pequenas gotas respiratorias -Contacto con superficies contaminadas	Tose, febre, dor muscular, diarrea, febre alta, etc (afecta principalmente ao sistema respiratorio e dixestivo) Predispón á pneumonía
Gripe <i>Asiática</i> 1957	-China -Aves	Virus da influenza tipo A subtipo H2N2		
SIDA 1980	-África central. Pasou ao Caribe (Haití) -> Nova York -> San Francisco -> mundo -Simios	VIH (virus da inmunodeficiencia humana)	Flúidos corporais: sangue, seme, secrecións vaxinais e leite materno	O virus destrúe os glóbulos brancos TCD4, facendo que a persoa sexa máis susceptible á enfermidades oportunistas (tuberculose, linfomas, etc). Síntomas: similares á gripe no contaxio. Despois, os da enfermidade oportunista.
COVID-19 2019	-China (Wuhan) -Morcegos	Virus SARS-CoV-2	Aerosois, pequenas gotas respiratorias e contacto con superficies	Similar á gripe. Tamén pode afectar o corazón, riles, fígado, etc.




Gripe *Española*, segunda onda (1918).
Fonte: El Periódico



Gripe *Asiática*.. Fonte: El Mundo



SIDA. Fonte: Dianova



COVID-19 21/05/20. Fonte: INE

En todas as imaxes, maior intensidade de cor indica maior cantidade de casos.

CONCLUSIÓN

Estas catro pandemias marcaron moito os dous séculos cun alto número de mortes e infectados.


Todas elas teñen cousas en común, como a orixe. No caso de que a gripe española se orixinase en aves (hipótese moi estendida), todas elas serían zoonoses, o que quere dicir que proveñen de animais (dúas de aves e as outras dúas de mamíferos).

As pandemias da gripe asiática, a COVID-19 e posiblemente a gripe española comparten tamén orixe xeográfica: China.


Ademais, a gripe española, a gripe asiática e a COVID-19 teñen, en xeral, os mesmos síntomas iniciais: febre, tose, dor de goxa, diarrea, etc.

Outro elemento común foi a súa rápida propagación. No caso da gripe española, grazas ao movemento das tropas na 1ª guerra mundial.


Nas gráficas superiores podemos




Persoas infectadas (en millóns)




Gripe española. Fonte: Wikipedia




Gripe asiática. Fonte: descoñecida



Persoas mortas (en millóns)



SIDA Fonte: SDN Bolivia



COVID-19: Statista

observar que a gripe española foi a que tivo máis infectados e tamén máis mortos. A seguinte en infectados é a COVID-19, que ten máis ca a SIDA, máis pero menos mortos.

En canto á poboación afectada, a Covid-19 e a gripe española afectaron en maior medida ás persoas da terceira idade, mentres na gripe asiática o virus afectou máis ás persoas de pouca idade (de cero a quince anos). A SIDA afecta máis (segundo estes datos) a homes que a mulleres, fundamen-

talmente entre 25 e 29 anos (posiblemente por relacións sexuais sen preservativo).

Destaca o pico de mortes causada pola gripe española tamén entre a poboación xove (25-34 anos) na vaga do 1918. A existencia de diversas vagas e cepas é outro aspecto común entre os dous tipos de gripe e a COVID, o que provocou un aumento no número de infectados e de mortes.

Na abordaxe tamén hai aspectos compartidos: para frear a propagación da gripe española xa se usa-

ron máscaras de tea e gasa (pouco efectivas, apenas daban unha sensación de tranquilidade á poboación); aplicouse o confinamento e medidas de hixiene. Para a gripe asiática desenvolveuse tamén rapidamente unha vacina, que axudou a frear a expansión da pandemia.

Para a SIDA séguese buscando a vacina e a pandemia segue activa, pero con menor intensidade, grazas a tratamentos antirretrovirais e medidas de prevención (sobre todo o preservativo).

REFERENCIAS

Publicacións científicas en scielo; Publicacións específicas: Diccionario de cáncer, Gacetamedica, Infosalus; Organismos oficiais: INE, cdc.gov, conicyt.cl, Medlineplus, mscbs.gob.es, OPSOMS; Centros de investigación, clínicas e similares: colsanitas, isglobal.org, MayoClinic.org; Organizacións, empresas, etc. relacionados coa saúde ou medio ambiente: Dianova, HIVinfo.nih.gov, IrsiCaixa, National Geographic Prensa: elcorreo.com, elperiodico.com, lasprovincias.es, .abc.es ;wikipedia.org.